



FEDERACION GALLEGA DE RUGBY
(Fundada en 1983)



Avda. de Glasgow, 11 – 15008 A CORUÑA

Tfno: 982 299 005 // E-mail: secretaria@fegarugby.com

REGULAMENTO ELECTORAL

Para a elección a membros da Asamblea Xeral, Presidente, e
Comisión Delegada da Federación Galega de Rugby.

A Coruña, a 23 de marzo de 2014





FEDERACION GALLEGA DE RUGBY
(Fundada en 1983)



Avda. de Glasgow, 11 – 15008 A CORUÑA

Tfno: 982 299 005 // E-mail: secretaria@fegarugby.com

Artigo 1. Obxecto da normativa.

En aplicación do disposto na Lei 3/2012 , do 2 de abril , do deporte de Galicia e na Orde do 8 de setembro de 2010, publicada no DOG nº 174 do xoves, 9 de setembro, da Consellería da Presidencia, Administración Pública e Xustiza, polo que se establecen os criterios para a elaboración de Regulamentos e realización dos procesos electorais nas Federacións Deportivas Galegas, durante o ano 2014, cofecciónase a presente normativa que regula o proceso de elección dos órganos de goberno, Asamblea Xeral, Presidente e Comisión Delegada, con representatividade durante o período 2014 ata 2018.

Artigo 2. Celebración de eleccións.

A Federación Galega de Rugby procederá á elección da súa Asamblea Xeral, Presidente e Comisión Delegada. O Calendario electoral será o indicado no anexo I.

Os sobres e as papeletas serán os establecidos no anexo II.

O Horario da sede federativa será os luns de 20:30 a 21:30.

Artigo 3. Regulamento Electoral provisional e definitivo.

Una vez aprobado o Regulamento Electoral por parte da Asamblea Xeral da Federación Galega de Rugby, será remitida á Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, que resolverá, no prazo máximo de 10 días hábiles dende a entrada do documento no seu rexistro, sobre a aprobación do mesmo ou a súa devolución para a corrección da posibles deficiencias.

Transcurridos estes sin que recaia resolución algunha, entenderase aprobado o Regulamento. No caso de ser necesaria a subsanación de deficiencias, indicaranse as mesmas e se concederán 10 días hábiles para proceder a súa corrección.

Solicítase á Asamblea Xeral da Federación Galega de Rugby, no caso que houberá que subsanar alguna deficiencia no Regulamento Electoral, que delegue e autorice á Xunta Directiva a facer os cambios necesarios, sen necesidade dun novo sometemento á aprobación da Asamblea Xeral. Unha vez feitas estas modificacións, o novo Regulamento presentarase á Secretaría Xeral para o Deporte para a súa ratificación definitiva.





XUNTA
DE GALICIA

FEDERACION GALLEGA DE RUGBY
(Fundada en 1983)



DEPORTE
GALEGO

Avda. de Glasgow, 11 – 15008 A CORUÑA

Tfno: 982 299 005 // E-mail: secretaria@fegarugby.com

Artigo 4. Censo electoral.

1. O censo electoral incluíra aos deportistas, técnicos/adestradores, xuíces/árbitros e entidades deportivas inscritas na Federación e no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, que reúnan os requisitos para ser electores e elixibles, de acordo co establecido no artigo 8º do presente Regulamento. Inclúranse os seguintes datos.
 - a) Para as/os deportistas, adestradores e xuíces/árbitros: nome, apelidos, número de licencia federativa, número de Documento Nacional de Identidade ou da Tarxeta de Residencia e domicilio a efectos de notificación. O domicilio reflectido por defecto para o estamento de deportistas será o do club ao que pertenzan, ou no seu caso tamén respecto do estamento dos xuíces/árbitros, o que a estes efectos indique a Federación. No período de reclamación ao censo provisional poderase solicitar o cambio de domicilio.
 - b) Para as entidades deportivas: nome, denominación ou razón social e número de inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, así como o nome e apelidos do Presidente e Secretario. Os datos das entidades deportivas deberán plenamente coincidentes cos datos contidos no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, tendo a federación a obriga de cotexar ditos datos. No caso de discrepancias entre os datos obrantes no rexistro da Federación e os obrantes no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, establecerase un prazo de 10 días para a súa subsanación.
2. O censo electoral provisional publicarase xunto coa convocatoria. A exposición pública do mesmo deberá facerse por un prazo mínimo de 10 días hábiles, dentro do cal se poderán presentar as reclamacións que se precisen oportunas ante a Xunta Electoral, resolvéndose por esta en un prazo máximo de 5 días hábiles e considerándose o silencio da Xunta en sentido estimatorio da petición realizada. Dita exposición farase no taboleiro de anuncios da Federación Galega de Rugby, así como na paxina web www.fegarugby.es
3. O censo será considerado definitivo se non se presenta reclamación alguna, ou cando de presentarse, sexa resolta pola Xunta Electoral ou, se é o caso, polo Comité Galego de Xustiza Deportiva. Deberán aplicarse as mesmas garantías de difusión e publicidade que as previstas no número 2 de este artigo para o censo provisional.
4. Os datos contidos no censo electoral gozarán do previsto na LO 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. En todo caso o tratamento e





FEDERACION GALLEGA DE RUGBY
(Fundada en 1983)



Avda. de Glasgow, 11 – 15008 A CORUÑA

Tfno: 982 299 005 // E-mail: secretaria@fegarugby.com

publicación dos datos contidos no censo terá por única finalidade garantir o exercicio polos electores do seu dereito de sufraxio, estando prohibida a súa cesión ou utilización para una finalidade distinta a aquela.

5. . Co fin de facilitar a participación e a integración na actividade deportiva da Federación, os candidatos proclamados a membros da asemblea xeral poderán dispoñer do respectivo censo de persoas que compoñen cada estamento, cos datos de carácter persoal contidos na licenza federativa. No caso dos candidatos proclamados á Presidencia, poderán dispoñer do censo de persoas que conforman a asemblea xeral, cos mesmos datos de carácter persoal facilitados na licenza federativa.

Artigo 5. Xunta Electoral.

1. O mesmo día da convocatoria de eleccións, constituirase a Xunta Electoral.
2. A Xunta Electoral estará integrada por tres membros titulares e tres suplentes, elixidos por sorteo na Asemblea Xeral, entre as persoas que presenten a súa candidatura a membros da Xunta Electoral. As candidaturas deberán presentarse na mesma Asemblea na que se celebre a súa elección, podendo estar os candidatos presentes na mesma.

Os membros da Xunta deberán reunir os requisitos seguintes:

- a) Ser maior de 18 anos.
 - b) Ter o Título de bacharelato superior ou equivalente.
 - c) Non presentarse como candidato a membro da Asemblea.
 - d) Non ter relación contractual ou profesional coa Federación Galega de Rugby.
 - e) Non estar cumprindo sanción disciplinaria firme ou sanción administrativa firme en materia deportiva que conleve sanción de inhabilitación para ocupar cargos nunha organización deportiva.
3. No caso de non presentación de candidatos a membros da Xunta Electoral, o Presidenta da Federación proporalle á Asemblea os membros necesarios para completar a mesma, os cales deberán a se mesmo reunir os requisitos definidos no apartado anterior.
 4. Actuará como presidente e secretario da Xunta Electoral o membro de maior e de menor idade, respectivamente. As decisión da Xunta Electoral tomaranse por maioría de votos. A asistencia á Xunta Electoral é obrigatoria salvo causa xustificada.





FEDERACIÓN GALLEGA DE RUGBY
(Fundada en 1983)



Avda. de Glasgow, 11 – 15008 A CORUÑA

Tfno: 982 299 005 // E-mail: secretaria@fegarugby.com

5. Funcións da Xunta Electoral:

- a) Velar polo axustamento a dereito do proceso electoral dos órganos de goberno e representación federativos.
- b) Organizar os procesos das eleccións para a Asamblea Xeral e Presidente da Federación, segundo o disposto neste Regulamento Electoral.
- c) Designar as mesas electorais de conformidade co previsto neste Regulamento Electoral.
- d) Aprobar as candidaturas que reúnan os requisitos esixidos, así como o resto da documentación electoral.
- e) Garantir a exposición de censos, candidaturas e outros documentos según se estableza neste Regulamento Electoral.
- f) Coñecer e pronunciarse sobre os recursos que se presenten.
- g) Custodiar a documentación correspondente a todo o proceso electoral, excepto o que non lle corresponda do procedemento do voto por correo, ata a súa finalización.
- h) En xeral, cantas facultades lle sexan atribuídas por este Regulamento Electoral.

6. Os gastos dos membros da Xunta Electoral non serán sufragados pola Federación Galega de Rugby.

Artigo 6. Mesa Electoral: composición e competencias.

1. Circunscrición electoral da Federación Galega de Rugby. *Existirá unha única circunscrición electoral autonómica que terá a súa sede nos locais da Federación Galega de Rugby con enderezo: COMPLEXO DE ELVIÑA / AVDA. DE GLASGOW, 11 – 15008 A CORUÑA.* Constituirase una única Mesa Electoral para a elección dos membros da Asamblea no día fixado. O horario de apertura da mesa será o seguinte: de 11:00 a 20:00 horas. Ubicarase nos locais da Federación Galega de Rugby.

A Mesa Electoral estará composta por tres membros titulares (un presidente, un secretario e un vogal) e tres suplentes destes, elixidos por sorteo pola Xunta Electoral o día 28/04/14, NAS OFICINAS DA FEDERACIÓN (Avda. de Glasgow, 11 – 15008 A Coruña) entre os integrantes do censo definitivo. Serán presidente e secretario da Mesa Electoral o membro de maior e de menor idade, respectivamente. A asistencia á Mesa Electoral é obrigatoria salvo causa xustificada que deberá ser autorizada pola Xunta Electoral.

Así mesmo, para a Mesa Electoral, os candidatos poden nomear interventores, entre os que desempeñe a condición de elector, que serán identificados ante a Xunta Electoral con





XUNTA
DE GALICIA

FEDERACION GALLEGA DE RUGBY
(Fundada en 1983)



DEPORTE
GALEGO

Avda. de Glasgow, 11 – 15008 A CORUÑA

Tfno: 982 299 005 // E-mail: secretaria@fegarugby.com

antelación non inferior a 24 horas do día de celebración das respectivas votación. A Xunta Electoral expedirá a correspondente acreditación.

Os interventores poderán participar nas deliberacións da mesa, con voz pero sen voto, así como solicitar á mesma certificacións e formular ante elas protestas, todo iso sen prexuízo da lexitimación que lles corresponde conforme aos artigos 18 e 19 deste Regulamento.

2. A efectos de remisión do voto por correo, establécese como mesa para recepción deste voto a de os locais da Federación Galega de Rugby con enderezo: *COMPLEXO DE ELVIÑA / AVDA. DE GLASGOW, 11 – 15008 A CORUÑA.*
3. Son competencias da Mesa Electoral:
 - a) Comprobar a identidade dos votantes.
 - b) Recoller a papeleta de voto e depositala na urna pechada e preparada aos efectos.
 - c) Proceder á contaxe de votos.
 - d) Levantar acta dos votos emitidos, resultados, e calesquera outras incidencias, así como das incidencias e reclamacións se as houber, facendo constar o número de votos acadados por cada candidato.
4. A acta será suscrita por todos os membros da Mesa Electoral, así como polos interventores, se os houber, remitíndose posteriormente á Xunta Electoral, que deberá garantir a súa exposición pública mediante a publicación no taboleiro de anuncios e na páxina web www.fegarugby.es.
5. Cando proceda a elección de Presidente constituirase a Mesa Electoral con dous membros que serán respectivamente o de maior e menor idade da Asamblea. O primeiro actuará como presidente e o segundo como secretario. Así mesmo, e ata que conclúa a elección de presidente, exercerá funcións de presidente o secretario da Asamblea.
6. Os gastos dos membros da Mesa Electoral non serán sufragados pola Federación Galega de Rugby.

Artigo 7. Convocatoria das eleccións.

1. A convocatoria das eleccións será feita polo Presidente da Federación Galega de Rugby o día 9 DE ABRIL do 2014, conforme a este Regulamento Electoral, aprobado pola Secretaría Xeral para o Deporte.





XUNTA
DE GALICIA

FEDERACION GALLEGA DE RUGBY
(Fundada en 1983)



DEPORTE
GALEGO

Avda. de Glasgow, 11 – 15008 A CORUÑA

Tfno: 982 299 005 // E-mail: secretaria@fegarugby.com

2. Simultaneamente á convocatoria de eleccións, a xunta directiva disolverase, constituíndose en comisión xestora que non poderá realizar mais que actos de mera administración e trámite.
3. A convocatoria de eleccións publicárase no taboleiro de anuncios na sede da federación e nas delegacións, así como na páxina web www.fegarugby.es. e dacordo co disposto no artigo 58.6 da lei 3/2012 ,do deporte de Galicia publicárase tamén na paxina web da administración deportiva autonómica A notificación de convocatoria de eleccións conterá cantos datos se precisen para o correcto desenvolvemento do proceso electoral, e sinaladamente:
 - α) Regulamento Electoral.
 - β) Calendario electoral con indicación de lugar, data e hora de celebración dos actos propios do proceso electoral.
 - χ) Lugar de consulta dos censos electorais.
 - δ) Modelos oficias de sobres e papeletas.
 - ε) Composición e sede da Xunta Electoral da Federación.
4. Cun prazo de antelación mínimo de cinco días hábiles dende a data da convocatoria, esta haberá de ser notificada, a través do medio que permita asegurar a recepción, cando menos, ás entidades deportivas integradas nesta Federación e á Secretaría Xeral para o Deporte.

Artigo 8. Electores e elixibles.

1. Poderán ser electores e elixibles:

- a) No caso dos estamentos constituídos por persoas físicas (deportistas, adestradores e xuíces/árbitros) os que reúnan os seguintes requisitos:
 - Ser maior de idade á data da convocatoria das eleccións
 - Ter licencia federativa en vigor e tela tida na temporada deportiva anterior á da data de convocatoria das eleccións.
 - Ter participado non mínimo dunha competición oficial na tempada deportiva anterior.
- b) No caso do estamento de entidades deportivas: Aquelas entidades deportivas que estean inscritas, no ano da convocatoria das eleccións, na federación e no **Registro de Asociacións Deportivas de Galicia** e teñan participado en competicións deportivas en **catro** estes efectos e, con carácter mínimo, deberán de ter participado en **catro**





FEDERACION GALLEGA DE RUGBY
(Fundada en 1983)



Avda. de Glasgow, 11 – 15008 A CORUÑA

Tfno: 982 299 005 // E-mail: secretaria@fegarugby.com

competicións ou actividades entre o ano de convocatoria das eleccións e os dous anos inmediatamente anteriores a aquel (tempadas 2011-2012 e 2012-2013) e necesariamente una delas no ano da convocatoria das eleccións. Non serán elixibles aqueles clubs que formen parte da Asamblea na súa condición de membros natos.

2. Aos efectos de este artigo entenderase como competición deportiva, aquela que estivera reflectida nos correspondentes calendarios oficiais aprobados pola Asamblea Xeral.
3. Os membros da Federación que pertencen a dous ou mais estamentos no censo provisional, deberán obter por un deles, mediante escrito ante a Xunta Electoral que deberá cursarse no período de reclamación ao censo.

De non exercer esta opción no prazo indicado, os electores que se atopen en varios estamentos no censo electoral provisional, quedarán incluídos nun só estamento segundo o seguinte criterio:

- α) No estamento de adestradoras/es, os que sexan incluídos no censo de deportistas e adestradoras/es.
- β) No estamento de árbitras/os, os que se atopen no censo de deportistas, adestradoras/es e árbitras/os.
- χ) A Xunta Electoral da Federación Galega de Rugby, introducirá as correccións no censo electoral que se deban efectuar como consecuencia do exposto no apartado anterior, procedendo a súa publicación no momento do censo definitivo.

Artigo 9. Composición da Asamblea Xeral.

Na Asamblea Xeral estarán representados tódolos estamentos recoñecidos nos estatutos e integrados na Federación Galega de Rugby.

1. O número de membros da Asamblea será de quince (15) en aplicación do artigo 10 do presente Regulamento Electoral. O Presidente da Federación desempeñará a presidencia da Asamblea Xeral.
2. Os seus membros serán elixidos cada catro anos por sufraxio libre, igual, directo e segredo, salvo a singularidade prevista para o estamento de entidades deportivas, por e entre os componentes de cada estamento, con conformidade e co número e con proporcións de representación que se establecen no presente Regulamento.





FEDERACION GALLEGA DE RUGBY
(Fundada en 1983)



Avda. de Glasgow, 11 – 15008 A CORUÑA

Tfno: 982 299 005 // E-mail: secretaria@fegarugby.com

3. Na Asamblea Xeral deberán estar representados tódolos estamentos recoñecidos nos estatutos e integrados na Federación e, cando menos, as entidades deportivas, os deportistas, os adestradores e os xuíces/árbitros.
4. No estamento de entidades deportivas haberá membros natos e membros electos.
5. A representación das entidades deportivas corresponde a o seu presidente ou persoa que conforme estatutos lle corresponda. Esta representación acreditarase fidedignamente mediante certificación da inscrición no Rexistro de entidades deportivas de Galicia en que figuren expresamente os representantes legais da entidade.
6. Non cabe representación das persoas físicas.
7. Ningún membro da Asamblea poderá desempeñar una dobre representación nesta.
8. A Federación Galega de Rugby axustarase, no posible, nas súas actuacións ás recomendacións feitas pola Lei 7/2004 do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes (DOG nº 149, do 3 de agosto).
9. ***O mandato da Asamblea Xeral é de catro (4) anos que se renovará nos anos que teñan lugar os Xogos Olímpicos de Inverno.***

Artigo 10. Proporcionalidade na composición da Asamblea Xeral:

1. A porcentaxe de cada estamento é:
 - a) Representantes de entidades deportivas : **70%**
 - b) Representantes de deportistas: **20%**
 - c) Representastes de adestradoras/es: **5%**
 - d) Representantes de arbitras/os: **5%**
2. A representación mínima do estamento de entidades deportivas na Asamblea Xeral da federación Galega de Rugby deberá ser do 50% do censo definitivo de clubs, incluído os membros natos.

En calquer caso tódolos clubs deberán necesariamente cumprir os requisitos que para eles se establece no artigo 8 de este Regulamento.

3. Cando o número de candidatos de calquera estamento coincida ou sexa inferior ao número de membros que hai que elixir non será necesaria a celebración de elección polo que a este estamento se refire, dando continuidade ao procedemento electoral.





FEDERACION GALLEGA DE RUGBY
(Fundada en 1983)



Avda. de Glasgow, 11 – 15008 A CORUÑA

Tfno: 982 299 005 // E-mail: secretaria@fegarugby.com

Non en tanto, no caso no caso de que nalgún estamento da Asamblea houbera mais de un 20% de vacantes, una vez rematado o proceso electoral e no prazo máximo de tres meses, o Presidente procederá á convocatoria parcial de eleccións para cubrir as vacantes, sen que esta nova convocatoria parcial afecte aos xa elixidos.

Artigo 11. Membros natos da Asamblea Xeral polo estamento de entidades deportivas.

Conforme ao establecido na Orde do 8 de setembro de 2010, establécese como baremo para a designación dos membros natos da Asamblea Xeral o seguinte:

- Asamblea Xeral formada por menos de 15 entidades deportivas dous entidades deportivas con mais número de licencias e dous entidades deportivas con maior número de participación en competicións oficiais.

Conforme o anterior baremo, son membros natos da Asamblea as entidades deportivas:

Por maior número de licencias	Por maior número de actuacións
Universidade de Vigo R.C.	C.R. Arquitectura Técnica A Coruña
C.R. Arquitectura Técnica A Coruña	Universidade de Vigo R.C

Artigo 12. Candidatos a membros electos da Asamblea Xeral.

1. Poderá ser candidato a membro da Asamblea Xeral toda persoa física ou xurídica incluída no censo definitivo que o solicite persoalmente, por correo certificado ou calquer outro medio que acredite fehacientemente en dereito a dita solicitude, ante a Xunta Electoral. Para a solicitude establécese un prazo de tres días a contar dende a publicación do censo definitivo.
2. Unha vez presentadas as candidaturas, a Xunta Electoral proclamará a lista provisional de candidatos facéndoa pública na paxina web www.fegarugby.es. Habrá un prazo de dous días hábiles, para a presentación de posibles reclamacións ante a Xunta Electoral.





FEDERACION GALLEGA DE RUGBY
(Fundada en 1983)



Avda. de Glasgow, 11 – 15008 A CORUÑA

Tfno: 982 299 005 // E-mail: secretaria@fegarugby.com

3. Unha vez resoltas as posibles reclamacións si as houbera, procederáse á proclamación definitiva de candidatos

Artigo 13. Sistema de votación a membros da Asamblea Xeral.

1. A votación a membros da Asamblea realizarase en urnas separadas por estamentos. A votación resolverase sen interrupcións durante o horario de 11:00 a 20:00 horas. Soamente por causa de forza maior poderán non iniciarse ou interromperse a votación. En caso de suspensión da votación non se terán en conta os votos emitidos nin se procederá ao seu escrutinio. Neste caso, a Xunta Electoral fixará una data para a nova votación.
2. O dereito de votar será acreditado pola inscrición no censo electoral definitivo. Para a súa identificación, o elector deberá presentar documento acreditativo da súa personalidade (D.N.I., pasaporte, tarxeta de residencia ou permiso de conducir con fotografía do titular). No caso das persoas xurídicas a representación corresponde ao seu Presidente ou persoa que según estatutos lle corresponda, debéndose acreditar fehacientemente dita representación mediante certificación da inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia nas que figuren expresamente os representantes legais da entidade.

Artigo 14. Voto por correo.

1. Únicamente se admitirá o voto por correo nas votacións para membros da Asamblea naqueles estamentos integrados por persoas físicas.
2. O exercicio de voto por correo haberá de ser solicitado polo interesado á Xunta Electoral, dende a data da convocatoria das eleccións ata 2 días hábiles despois da publicación do censo electoral definitivo. Esta solicitude deberá facerse persoalmente, mediante correo certificado, burofax ou por calquera outro medio válidamente admitido en dereito que deixe constancia da solicitude.
3. Recibida pola Xunta Electoral a solicitude referida no punto anterior, comprobara a inscrición no censo definitivo do solicitante, realizando no caso de estar inscrito a anotación correspondente no censo e extendendo un certificado de autorización do voto por correo.

O certificado ó que se refire o parágrafo anterior deberá reflectir o nome do elector e do estamento polo que se solicita o exercicio do voto, así como un espazo en branco que





XUNTA
DE GALICIA

FEDERACION GALLEGA DE RUGBY
(Fundada en 1983)



DEPORTE
GALEGO

Avda. de Glasgow, 11 – 15008 A CORUÑA

Tfno: 982 299 005 // E-mail: secretaria@fegarugby.com

deberá ser asinado polo elector previamente ao envío do voto á Secretaría Xeral para o Deporte.

A Xunta Electoral deberá remitir dentro dos dous días hábiles seguintes á proclamación definitiva dos candidatos, remitíndollo aos solicitantes por correo certificado urxente e con acuse de recibo á dirección postal sinalada polo interesado na súa solicitude. Igualmente enviaráselle una papeleta de votación en branco e o sobre de votación oficiais, xunto coa relación definitiva de todas as candidaturas presentadas ordenadas alfabéticamente.

O listado de persoas autorizadas para o exercicio do voto por correo deberase remitir á Secretaría Xeral para o Deporte, publicándose asemade na páxina web www.fegarugby.es

4. O elector introducirá a papeleta do voto no sobre da votación e pecharao. Incluirá este sobre de votación, xunto ao certificado emitido pola Xunta Electoral na que se autoriza o voto por correo, asinado polo emisor do voto e a copia do D.N.I., nun sobre de maior tamaño que os anteriores que remitirá á Secretaría Xeral para o Deporte para a súa custodia, por correo certificado urxente, consignándose no anverso e reverso do mesmo os seguintes datos:

ANVERSO:

Secretaría Xeral para o Deporte

Estadio Multiusos de San Lázaro, porta 4

15781 – Santiago de Compostela (A Coruña)

Eleccións á Asamblea Xeral da Federación Galega de Rugby

REVERSO:

Nome e apelidos do remitente

Estamento de ...

5. A presentación dos votos nas Oficinas de Correos deberá realizarse con 6 días hábiles de antelación á data de celebración das eleccións, mediante envío por correo certificado urxente, e non serán admitidos os sobres depositados con data posterior. A Secretaría Xeral para o Deporte custodiará os votos emitidos, que serán postos a disposición da Mesa Electoral o día da votación, xunto cunha relación nominal dos mesmos, a fin de que, con posterioridade ao peche da votación presencial os membros da Mesa Electoral poidan abrilos e, tras comprobar a súa regularidade, depositar cada voto na urna correspondente para incorporalo ao escrutinio.





FEDERACION GALLEGA DE RUGBY
(Fundada en 1983)



Avda. de Glasgow, 11 – 15008 A CORUÑA

Tfno: 982 299 005 // E-mail: secretaria@fegarugby.com

6. Prevalecerá o voto persoal sobre o voto emitido por correo no caso de concorrencia de ambos.

Artigo 15. Presentación de candidaturas a Presidente.

1. No prazo de dous días dende a proclamación definitiva de membros da Asamblea Xeral, poderá presentar candidatura a Presidente da Federación calquera persoa física, sen que teña que ser membro da Asamblea Xeral, e que cumpra cos requisitos conforme ao establecido polo artigo 3.1 da Lei 1/1981, do 6 de abril, Estatuto de Autonomía de Galicia, ser maior de idade, en pleno uso dos seus dereitos civís, que non incorrese en ningunha sanción deportiva que o inhabilite e que non estea inhabilitado para o desempeño dun cargo público por sentenza xudicial firme. A persoa que resulte elixida como presidente terá que cesar en todo tipo de actividades técnicas e directivas no deporte específico e no ámbito territorial da federación galega correspondente.

Se algún membro da comisión xestora presentase a súa candidatura á presidencia deberá cesar naquela.

O presidente saínte da Federación será membro da nova Asamblea Xeral. Esta condición perderase nos casos de non presentar candidatura á presidencia ou, de téndoa presentada, non resultara elixido.

2. A presentación de candidaturas farase na sede oficial da Federación mediante escrito remitido á Xunta Electoral.
3. Finalizado o prazo de presentación de candidaturas, a Xunta Electoral exporá a listaxe provisional de candidatos a Presidente no taboleiro de anuncios da Federación así como na páxina web www.fegarugby.es. Pódense presentar impugnacións a esta no prazo de dous días hábiles. As impugnacións serán resoltas pola Xunta Electoral no prazo de dous días hábiles.

A Xunta Electoral publicará no seguinte día hábil, seguindo os medios reflectido no punto anterior, a lista definitiva de candidatos á Presidencia.

Artigo 16. Elección do Presidente.





XUNTA
DE GALICIA

FEDERACION GALLEGA DE RUGBY
(Fundada en 1983)



DEPORTE
GALEGO

Avda. de Glasgow, 11 – 15008 A CORUÑA

Tfno: 982 299 005 // E-mail: secretaria@fegarugby.com

1. No día e hora fixados na convocatoria correspondente, constituirase a Asamblea Xeral en primeira e segunda convocatoria tendo como únicos puntos da orde do día a elección a Presidente e a membros da Comisión Delegada. O Presidente da Federación será elixido mediante sufraxio libre, directo, igual e secreto polos membros da Asamblea Xeral presentes no momento da elección.
2. Na votación á elección de Presidente non se admitirá o voto por correo nin a delegación do voto. A representación das entidades deportivas realizarase conforme o establecido no artigo 9 parágrafo quinto, non admitíndose que una persoa ostente a representación de mais de un club.
3. Comenzada a sesión e constituída a Mesa Electoral, o presidente presentará os candidatos, iniciando, de seguido, o proceso de votación.
4. A Xunta Electoral decidirá determinará o modelo da papeleta. Cada membro da Asamblea só poderá votar a un candidato.
5. O proceso de votación está formado por un máximo de tres votacións.
 - a) Na primeira votación son elixibles tódolos candidatos da listaxe definitiva. Aqueles que obteñan un mínimo de un 10% dos votos dos membros presentes pasarán á seguinte votación. No suposto en que ningún candidato acade o 10%, dos votos, pasarán á seguinte votación aqueles dous candidatos que contén cun maior número de votos. No suposto en que soamente sexa un candidato o que obteña o 10% dos votos, pasará tamén a seguinte votación o seguinte candidato en número de votos. De acadarse por algún candidato a maioría absoluta dos votos, nesa primeira votación, sería proclamado Presidente.
 - b) Na segunda votación soamente serán elixibles aqueles que, como xa está exposto e coas excepcións contempladas, obtiveran alomenos o 10% dos votos dos membros presentes. Será elixido o candidato que nesta fase obteña a maioría absoluta dos votos.
 - c) No caso de que na votación anterior ningún candidato obteña a maioría absoluta, procederase a una nova votación entre os dous mais votados, media hora mais tarde calquera que sexa o número de asistentes, resultando elixido o que obteña a maioría dos votos.
6. Terminada cada una das votacións realizadas, a Mesa Electoral procederá á contaxe dos votos e levantará a oportuna acta.





FEDERACION GALLEGA DE RUGBY
(Fundada en 1983)



Avda. de Glasgow, 11 – 15008 A CORUÑA

Tfno: 982 299 005 // E-mail: secretaria@fegarugby.com

7. No caso de existir soamente dous candidatos, resultará elixido o que obteña a maioría simple dos votos. No caso de empate se celebrará una nova votación media hora mais tarde que a anterior calquera que sexa o número de asistentes. De persistir o empate, decidírase o Presidente por sorteo entre os dous candidatos empatados.
8. No caso de que se presente un só candidato non se efectuará votación
9. Se non se presentase ningunha candidatura ou non fose válida ningunha das presentadas, a comisión xestora administrará a federación e convocará e realizará novas eleccións a Presidente no prazo máximo de 3 meses.
10. Rematada a elección, a acta do resultado desta será remitida á Xunta Electoral. Transcorridos os prazos de presentación de posibles recurso e resoltos estes, a Xunta Electoral proclamará Presidente ao candidato mais votado e comunicará os resultados á Secretaría Xeral para o Deporte no prazo máximo de 10 días.
11. Unha vez proclamado definitivamente o novo Presidente, a comisión xestora deberá poner a disposición deste, no prazo máximo de cinco (5) días hábiles, contados dende a proclamación definitiva, toda a documentación relativa á federación, levantando acta da documentación entregada e remitíndolle copia desta á Secretaría Xeral para o Deporte .
12. Tras a súa proclamación o Presidente designará aos demais órganos e comités de acordo cos estatutos da federación, debendo comunicarle a súa composición á Secretaría Xeral para o Deporte no prazo máximo de 10 días hábiles dende o seu nomeamento.
13. ***O mandato do Presidente é de catro (4) anos que se renovará nos anos que teñan lugar os Xogos Olímpicos de Inverno.***

Artigo 17. Elección da Comisión Delegada.

A Comisión Delegada será elixida entre e pola Asamblea Xeral mediante sufrxio libre, igual, directo e secreto entre os seus membros. O seu mandato coincidirá co da Asamblea Xeral. Será presidida polo Presidente/a da Federación como membro nato desta.

O número de membros será de sete (7).

1. A Comisión Delegada será elixida entre e pola Asamblea Xeral mediante sufrxio libre, igual, directo e secreto entre os seus membros. O seu mandato coincidirá co da





FEDERACION GALLEGA DE RUGBY
(Fundada en 1983)



Avda. de Glasgow, 11 – 15008 A CORUÑA

Tfno: 982 299 005 // E-mail: secretaria@fegarugby.com

Asamblea Xeral. Será presidida polo Presidente/a da Federación como membro nato desta.

2. Para esta elección non se admitirá voto por correo. As candidaturas por cada estamento presentaranse una vez constituída a nova Asamblea Xeral e ante a Mesa Electoral. Una vez presentados os candidatos á Comisión Delegada, a Mesa Electoral procederá ao desenvolvemento das votacións sectorialmente por estamentos na formas previstas neste Regulamento.
3. Actuará como Mesa Electoral a mesma que actuou para a elección de Presidente/a. As votación no caso de existir mais candidatos que membros por estamento, realizaranse de forma sectorial por estamento e entre os membros de cada un deles.
4. O número de membros da Comisión Delegada será sete (6), ademais do Presidente/a da Federación.

A proporcionalidade da composición da Comisión Delegada será:

Entidades deportivas	3 representantes
Deportistas	1 representantes
Xuíces/Árbitros	1 representante
Adestradores	1 representante

Artigo 18. Recurso ante a Xunta Electoral.

O coñecemento de tódolos recursos que se poidan formular na materia electoral corresponde á Xunta Electoral, sendo tódalas súas resolucións recorribles ante o Comité de Xustiza Deportiva de Galicia. Están lexitimados para interponer recursos os representantes das candidaturas ou as persoas e entidades debidamente afectadas polos acordos da Xunta Electoral.

Os recursos ante a Xunta Electoral serán presentados, persoalmente ou por calquera medio que acredite fehacientemente en dereito a presentación do escrito (burofax, correo certificado, telegrama,...) na sede central federativa mediante escrito remitido ao presidente da Xunta Electoral.

Os prazos para a presentación destes recursos, así como os de resolución da Xunta Electoral serán de dous (2) días hábiles salvo nos casos que no presente Regulamento o Regulamento de setembro de 2010 se establezan outros distintos.

Artigo 19. Recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.





FEDERACION GALLEGA DE RUGBY
(Fundada en 1983)

Avda. de Glasgow, 11 – 15008 A CORUÑA

Tfno: 982 299 005 // E-mail: secretaria@fegarugby.com

1. Contra os acordos e resolucións das xuntas electorais procederá recurso electoral ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva, poñendo fin, as resolución deste, á vía administrativa.

Están lexitimados para interpoñer o recurso quen fose parte na impugnación ante a Xunta Electoral federativa ou as persoas interesadas directamente polo seu acordó ou resolución.

2. Os prazos para formalizaren estes recursos serán de tres (3) días hábiles contados dende o seguinte ao da notificación da resolución ou acordo obxecto de recurso ou, se for o caso, dende o momento en que se produza a desestimación tácita da reclamación electoral presentada.

3. O escrito de interposición do recurso deberá expresar:

- a) Nome, D.N.I. e domicilio da persona física ou denominación e enderezo social dos entes asociativos interesados, incluíndo neste último caso o nome do seu representante legal.
- b) Se é o caso, o nome, D.N.I. e enderezo do representante do interesado, podendo acreditar a súa representación, ademais de polos medios legais procedentes, a través de comparecencia ante a Secretaría do Comité Galego de Xustiza Deportiva.
- c) Lexitimación para interponer o recurso.
- d) O acto que se recorre e a razón da súa impugnación.
- e) As consideracións de feito e de dereito nas que baseen as súas pretensións, así como as propostas de proba que ofrezan en relación con aquelas.
- f) As pretensións que deduzan de tales consideracións.
- g) Lugar, data e sinatura.



En A Coruña, a 23 de marzo de 2014

Asdo. Presidente da Federación Galega de Rugby





FEDERACION GALLEGA DE RUGBY
(Fundada en 1983)



Avda. de Glasgow, 11 – 15008 A CORUÑA

Tfno: 982 299 005 // E-mail: secretaria@fegarugby.com

ELECCIÓN A MEMBROS DA ASEMBLEA XERAL, PRESIDENTE E MEMBROS DA COMISIÓN DELEGADA DA ASEMBLEA XERAL DA FEDERACIÓN GALEGA DE RUGBY

23 de marzo - Aprobación do Regulamento e calendario electoral.
- Elección membros da Xunta Electoral.

24 de marzo - Presentación do Regulamento Electoral.

3 de abril – Fecha tope aprobación Regulamento por la secretaria xeral para o Deporte .

4 de abril - Remisión convocatoria .

9 de abril - Convocatoria de eleccións.

- Constitución da Xunta Electoral.
- Publicación do Censo provisional e Calendario Electoral.
- A Xunta Directiva da Federación Galega de Rugby. constitúese en Comisión Xestora.
- Inicio do prazo de reclamacións ao Censo.
- Inicio do prazo de petición do exercicio de voto por correo.

22 de abril - Finalización do prazo de reclamacións ao Censo.

28 de abril - Prazo de resolución de reclamacións ao Censo.

- **Publicación Censo Definitivo.**
- Designación das Mesas Electorais por sorteo na sede Federativa as 12:00h.
- **Inicio do prazo de presentación de candidatos a membros da Asemblea Xeral.**

30 de abril - Fin do prazo de petición do exercicio de voto por correo.

2 de mayo - Finalización do prazo de presentación de candidatos a membros da Asemblea Xeral.

- Proclamación provisional de candidatos a membros da Asemblea Xeral.

3 de mayo - Inicio do prazo de reclamacións de candidatos a membros da Asemblea Xeral.

5 de mayo - Finalización do prazo de reclamacións de candidatos a membros da Asemblea Xeral.

6 y 7 de maio - Prazo de resolución de reclamacións a membros da Asemblea Xeral.

- **Proclamación definitiva de candidatos a membros da Asemblea Xeral. (7 de mayo)**





FEDERACION GALLEGA DE RUGBY
(Fundada en 1983)



Avda. de Glasgow, 11 – 15008 A CORUÑA

Tfno: 982 299 005 // E-mail: secretaria@fegarugby.com

9 de maio - Fin do prazo para remitir os papeis de voto por correo.

16 de maio - Fin do prazo para depositar os votos en correos.

26 de maio - Elección dos membros da Asemblea Xeral

27 de maio - Inicio do prazo de reclamacións da elección de membros da Asemblea Xeral.

28 de maio - Finalización do prazo de reclamacións á elección de membros da Asemblea Xeral.

30 de maio - Resolución de reclamacións á elección de membros da Asemblea Xeral.
- Exposición da composición definitiva da Asemblea Xeral.

31 de maio - Inicio do prazo de presentación de candidatos a Presidente da Federación Galega de Rugby
- Inicio do prazo de presentación de candidatos a membros da Comisión Delegada da Asemblea Xeral.

2 de xuño - Finalización do prazo de presentación de candidatos a Presidente, da Federación Galega de Rugby, e da Comisión Delegada da Asemblea Xeral
- Proclamación de candidatos a Presidente da Federación Galega de Rugby e da Comisión Delegada da Asemblea Xeral e exposición da listaxe provisional.

3 de xuño - Inicio do prazo de reclamacións aos candidatos a Presidente da Federación Galega de Rugby e da Comisión Delegada de la Asemblea Xeral.

4 de xuño - Fin do prazo de reclamacións aos candidatos a Presidente da Federación Galega de Rugby, e da Comisión Delegada de la Asemblea Xeral.

5-6 de xuño - Prazo de resolución de reclamacións a candidatos a Presidente da Federación Galega de Rugby e Comisión Delegada de la Asemblea Xeral.

7 de xuño - Proclamación e publicación da lista definitiva de candidatos a Presidente da Federación Galega de Rugby e da Comisión Delegada da Asemblea Xeral.

14 de xuño - CONSTITUCIÓN DA ASEMBLEA XERAL.
- ELECCIÓN DO PRESIDENTE DA federación galega de RUGBY.
- ELECCIÓN MEMBROS DA COMISIÓN DELEGADA DA ASEMBLEA.

16 de xuño - Inicio prazo reclamacións á votación de Presidente e Comisión Delegada.

17 de xuño - Fin prazo reclamacións á votación de Presidente e Comisión Delegada.

19 de xuño - Fin do prazo de Resolución das reclamacións á votación.

- Proclamación definitiva de Presidente e Comisión Delegada da Federación galega de RUGBY .

- Disolución da Xunta Electoral





FEDERACION GALLEGA DE RUGBY
(Fundada en 1983)



Avda. de Glasgow, 11 – 15008 A CORUÑA

Tfno: 982 299 005 // E-mail: secretaria@fegarugby.com

Federación Galega de RUGBY

Enderezo.

MODELO DE SOBRES PARA O VOTO POR CORREO

ANVERSO (SOBRE A, MAIOR QUE O SOBRE B)

SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE

Estadio Multiusos de San Lázaro, portal 4
15781 - Santiago de Compostela - A Coruña


Eleccións a Asamble Xeral da Federación Galega de Rugby

(Neste sobre deberase introducir unha fotocopia do D.N.I da persoa que
exerce o voto, certificado da Xunta Electoral)

REVERSO (Sobre B)

Nome e apelidos do remitente

Estamento de: _____





FEDERACION GALLEGA DE RUGBY
(Fundada en 1983)



Avda. de Glasgow, 11 – 15008 A CORUÑA

Tfno: 982 299 005 // E-mail: secretaria@fegarugby.com

SOBRE “B” sobre da votación

Menor que o sobre “A”

**VOTO PARA OS CANDIDATOS Á ASAMBLEA XERAL
DA FEDERACIÓN GALEGA DE RUGBY**

PARA O ESTAMENTO DE:

(por o nome do estamento polo que se vota)

Neste sobre débese introducir a papeleta do voto





FEDERACION GALLEGA DE RUGBY
(Fundada en 1983)



Avda. de Glasgow, 11 – 15008 A CORUÑA

Tfno: 982 299 005 // E-mail: secretaria@fegarugby.com

PAPELETA DA VOTACIÓN CANDIDATOS AO ESTAMENTO DE ENTIDADES DEPORTIVAS

Nome completo das entidades candidatas a membros da asamblea por este estamento.

Á marxe establecer cuadrícula para facilitar a opción de voto.

Cada votante deberá asignar un máximo de entidades segundo o número de membros do estamento.

Exemplo:

Nome completo da entidade candidata

Nome completo da entidade candidata

Nome completo da entidade candidata





FEDERACION GALLEGA DE RUGBY
(Fundada en 1983)



Avda. de Glasgow, 11 – 15008 A CORUÑA

Tfno: 982 299 005 // E-mail: secretaria@fegarugby.com

PAPELETA DA VOTACIÓN CANDIDATOS AO ESTAMENTO DE DEPORTISTAS

Nome completo dos/as deportistas candidatas/os a membros da assemblea por este estamento.

Á marxe establecer cuadrícula para facilitar a opción de voto.


Cada votante deberá asignar un máximo de deportistas segundo o número de membros do estamento.

Exemplo:

Nome completo do/a deportista candidato/a

Nome completo do/a deportista candidato/a

Nome completo do/a deportista candidato/a





FEDERACION GALLEGA DE RUGBY
(Fundada en 1983)



Avda. de Glasgow, 11 – 15008 A CORUÑA

Tfno: 982 299 005 // E-mail: secretaria@fegarugby.com

PAPELETA DA VOTACIÓN CANDIDATOS AO ESTAMENTO DE ADESTRADORES/AS OU TÉCNICOS

Nome completo dos adestradores/as outécnicos candidatos/as a membros da
asamblea por este estamento.

Á marxe establecer cuadrícula para facilitar a opción de voto.

Cada votante deberá asignar un máximo de entidades segundo o número de
membros do estamento.

Exemplo:

Nome completo do/a adestrador/a ou técnico candidato/a

Nome completo do/a adestrador/a ou técnico candidato/a

Nome completo do/a adestrador/a ou técnico candidato/a





FEDERACION GALLEGA DE RUGBY
(Fundada en 1983)



Avda. de Glasgow, 11 – 15008 A CORUÑA

Tfno: 982 299 005 // E-mail: secretaria@fegarugby.com

PAPELETA DA VOTACIÓN CANDIDATOS AO ESTAMENTO DE ÁRBITROS/AS OU XUÍCES/ZAS

Nome completo dos/as árbitros/as ou xuíces/zas candidatos/as a membros da asamblea por este estamento.

Á marxe establecer cuadrícula para facilitar a opción de voto.

Cada votante deberá asignar un máximo de entidades segundo o número de membros do estamento.

Exemplo:

Nome completo do/a árbitro/a ou xuíz/a

Nome completo do/a árbitro/a ou xuíz/a

Nome completo do/a árbitro/a ou xuíz/a

